

1ª Edición #EuropaXunta"

Concurso de Proxectos Cofinanciados con Fondos Europeos



O pasado día 3 de outubro tivo lugar no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) de Galicia a primeira edición de #EuropaXunta". Neste concurso presentáronse os mellores proxectos desenvolvidos en Galicia cofinanciados con fondos europeos clasificados en 5 categorías:

1. Categoría **#EuropaXunta é máis Intelixente, Competitiva e Dixital**: proxectos orientados á transformación industrial, o apoio ás pemes, o fomento da investigación e a dixitalización.
A esta categoría presentáronse 13 candidatos resultando gañador o proxecto Plan de innovación de Granja Campomayor do programa InnovaPeme de GAIN
2. Categoría **#EuropaXunta é máis Verde e Conectada**: proxectos orientados, entre outras cousas, á transición enerxética, ás enerxías renovables, á loita contra o cambio climático, á agricultura sostible, á protección do medioambiente, etc.
A esta categoría presentáronse 9 candidatos resultando gañador o proxecto Innovaugas 4.0. Xestión avanzada dos recursos hídricos galegos de Augas de Galicia
3. Categoría **#EuropaXunta pola Inclusión Social**: proxectos que busquen favorecer a inclusión social e previr e combater a pobreza.
A esta categoría presentáronse 4 candidatos resultando gañador o programa Mentor de inserción sociolaboral para mozas e mozos en risco social da DX de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade

4. Categoría **#EuropaXunta pola Educación e o Emprego**: proxectos que invistan na educación, na formación e na aprendizaxe permanente.
A esta categoría presentáronse 6 candidatos resultando gañador o proxecto Navegando o Futuro do programa POCTEP.
5. Categoría **#EuropaXunta é Innovadora e Novidosa**, proxectos, iniciados e non rematados, que presenten novidades ben sobre o que se viña financiando en períodos anteriores ou ben sobre a forma de abordar retos actuais e que modifica a forma de proceder existente.
A esta categoría presentáronse 5 candidatos resultando gañador o proxecto AgriFoodTEF - Test and Experiment Facilities for the Agri-Food Domain do programa DIGITAL EUROPE da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL).

Finalmente, o proxecto gañador desta edición foi o *Programa Mentor* xestionado pola DX de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade en colaboración coa ONG Igaxes.



O conselleiro de Facenda e Administración Pública entrega o premio ao gañador do concurso




O conselleiro de Facenda e Administración Pública entrega o premio ao gañador do concurso

Na celebración deste encontro tivo lugar tamén a presentación dunha exposición itinerante sobre os fondos europeos que, no que resta de ano, percorrerá dez vilas e cidades da xeografía galega, comezando en Lalín. A mostra busca dar a coñecer á cidadanía os distintos programas europeos e as oportunidades de financiamento que ofrecen, así como facer visibles os proxectos que xa están en marcha.



Exposición itinerante de Fondos en Lalín (Pontevedra)



Exposición itinerante de Fondos no CGAC